

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, integrante do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao ERE de suspensión de contratos por parte da empresa Masol Iberia Biofuel.

A presentación por parte de Masol Iberia Biofuel dun ERE de suspensión pon en risco 28 postos de traballo dunha plantilla de 34 persoas e deixa en claro o difícil da continuidade desta planta de biocombustibles no porto exterior de Ferrol.

Empresa que alugou a planta de Ferrol, entre outras, no ano 2013. Planta que se atopa dende entón nunha sorte de peche encuberto. Aplicando a mobilidade forzosa estiveron a traballar os operarios da planta ferrolá noutra instalación semellante da empresa en Castellón.

O abandono das instalacións compromete xa no curto-medio prazo a viabilidade das instalacións situadas no porto exterior de Ferrol, que serán ferralla inservible en apenas cousa de 1 ano.

Esta situación hai que enmarcala no fracaso dunha política enerxética sustentable que da que os gobernos do PP descren. O plan de acción das enerxías renovables (PANER 2011-20) está descarrilado. A redución marcada no decreto lei 4/2013 reduciu a mezcla de biodiésel no gasóleo mineral do 7% ao 4,1%, forzando unha rebaixa drástica da demanda deste composto. A esta acción lexislativa súmase a política de subministro enerxético de Repsol, que pasou de mercar biodiésel a mercar aceite vexetal deprimindo máis a demanda.

Este sector produtivo foi un dos máis publicitados a conta do chamado Plan Ferrol como dos de futuro para diversificar a base industrial da comarca. Son reiterados os ERE,s formulados polas dúas empresas que se instalaran na zona. Son evidentes os

fracasos para xerar emprego e diversificar a base industrial da produción. Iso si, logo de consumir 5 millóns de euros do IGAPE e outra partida semellante do ministerio.

Xa que logo, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que actuación de mediación vai desenvolver a Xunta para que se produza unha reunión a tres bandas, empresa, comité de empresa e administración pública, que sirva para conquistar a retirada do ERE e para garantir carga de traballo?

En Compostela, a 17 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/02/2015 14:32:08